

POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE CARBALLO PARA AS PRAIAS DE RAZO, BALDAIO-SAIÑAS E PEDRA DO SAL

A protección do Medio é un reto permanente da sociedade, tanto a escala nacional, coma internacional. Na actualidade estamos a asistir a un espectacular crecemento da conciencia colectiva sobre o deterioro ambiental do noso planeta debido á acción do home. Consciente diso, o órgano xestor de praias do concello de Carballo ten implantado un Sistema de Xestión Ambiental de acordo coa Norma UNE-EN ISO 14001 "Sistemas de Xestión ambiental" e o Regulamento EMAS nas praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal.

O alcance de devandito sistema é a **Xestión das praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal.**

O órgano xestor das praias inclúe dentro da súa xestión, o establecemento e revisión continuada dun Sistema de Xestión Ambiental que permita a consecución dos Obxectivos e Metas Ambientais fixados, e para todo iso establece a seguinte Política Ambiental:

MELLORA CONTINUA, COMPROMISO DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN E SOSTIBILIDADE

- Procurar a mellora continua mediante a avaliación sistemática e periódica do Sistema de Xestión Ambiental.
- Realizar un esforzo continuado en identificar, caracterizar e minimizar o impacto que se poida causar sobre o medio como consecuencia das actividades que se desenvolvan nas praias, e procurar unha utilización eficiente dos recursos naturais e das fontes enerxéticas.
- Desenvolver as nosas actividades de forma que procuremos a satisfacción de todos aqueles que visitan as praias, sen comprometer os recursos dos cidadáns do futuro.
- Compromiso coa protección do medio ambiente e de lograr unha efectiva prevención da contaminación.

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS DE APLICACIÓN E OUTROS

- Asegurar o cumprimento dos requisitos ambientais, regulamentarios e outros aplicables á xestión das praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal.

INFORMACIÓN E FORMACIÓN AMBIENTAL

- Informar a todas aquelas persoas que visitan as praias, así como, ás responsables das actividades que se realicen nestas, acerca do uso dos servizos dispoñibles, co fin de garantir o correcto comportamento ambiental.
- Fomentar, a partir do desenvolvemento de programas de formación e motivación, o sentido da responsabilidade cara ao medio entre o persoal pertencente ó órgano xestor de praias.

PROVEDORES

- Comunicar os criterios ambientais e de sostibilidade a todas aquelas persoas ou empresas que traballen nas nosas praias, así como invitar aos provedores para que se rexan por esta Política Ambiental no seu quefacer diario.

Revisada e aprobada en, Carballo a 11 de Agosto do 2026

Fdo.: D. José Daniel Pérez López
(Alcalde-Presidente do Órgano Xestor de Praias)